



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Lingüística Xeral	Código	613G02004	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Fernández Ferreiro, Manuel	Correo electrónico	manuel.fernandez.ferreiro@udc.es	
Profesorado	Fernández Ferreiro, Manuel Guzzi , Eleonora Sarymsakova , Albina	Correo electrónico	manuel.fernandez.ferreiro@udc.es eleonora.guzzi@udc.es albina.sarymsakova@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Bases teóricas e metodolóxicas para o estudo e investigación da linguaxe e as linguas, e as súas aplicacións. Esta materia proporciona os coñecementos e destrezas básicos para o seguimento de calquera outra materia de corte lingüístico, e é a única de todo o plan de estudos que ofrece un panorama global das diferentes formas de estudar e entender a linguaxe, e das distintas aplicacións deses coñecementos. Polo tanto, fornece ao estudante con habilidades básicas para o desenvolvemento de actividades profesionais relacionadas coa linguaxe e, en xeral, coa comunicación.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A29	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adquirir e organizar novos coñecementos (integrándoos nos xa posuídos) sobre o funcionamento da linguaxe e das linguas, tanto no que atingue á súa estrutura interna como nas súas dimensións cognitiva, social, aplicada, ...	A3 A11 A14 A15 A29	B1 B3 B5 B7	C6 C7 C8
Interpretar os textos científicos e divulgativos da lingüística, e relacionar os diferentes contidos tratados. Adquirir novo coñecemento a partir da súa lectura, integrándoo de maneira crítica.	A1 A2 A3 A29	B3 B7	C6
Buscar e seleccionar información sobre a linguaxe e as linguas.	A3	B1 B3 B5 B7	C6
Utilizar diferentes metodoloxías e técnicas habituais no estudo da linguaxe.	A1 A3 A11 A15	B5	C3 C6 C8
Analizar a estrutura das linguas nos seus diferentes niveis.	A1 A15	B2 B6 B7	C3
Analizar a linguaxe nas súas dimensións cognitiva, social, psicolóxica, ...	A1 A3 A11	B2 B3 B5 B7 B9	C3 C6 C8
Sintetizar, relacionar e elaborar xeneralizacións a partir dos datos dispoñibles, de forma selectiva, para a resolución de problemas lingüísticos.	A1 A3	B2 B5 B7 B9	C3 C6 C8
Organizar e expor contidos relativos á linguaxe, as linguas e a comunicación de forma organizada e argumentada, seguindo as pautas aceptadas no campo.	A4 A5 A6 A9 A10 A11 A29	B1 B2 B4 B9 B10	C1 C2 C6



Utilizar modos argumentativos e formas de traballo característicos da ciencia lingüística.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A10 A11	B2 B7 B10	C1 C2 C4 C7
Analizar e comentar textos e discursos utilizando apropiadamente as técnicas de análise.	A1 A2 A10 A11 A15 A29	B4	C1
Traballar cooperativamente na resolución de problemas de carácter lingüístico.	A10 A14 A15	B3 B4 B6 B7	C3 C6
Afrontar sen prexuízos os novos coñecementos sobre a linguaxe, as linguas e a diversidade lingüística, así como as novas perspectivas e métodos.	A1 A11	B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10	C7 C8
Seguir e integrar sen prexuízos os avances doutras disciplinas que axuden ao progreso da lingüística, tanto na súa dimensión teórica como na aplicada.	A29	B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Contribuír ao desenvolvemento científico e social aplicando as competencias adquiridas.	A15	B9 B10	C4 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A natureza da linguaxe e a lingüística.	1.1. Características xerais da linguaxe. 1.2. Linguaxe, lingua, fala. 1.3. Competencia(s) e actuación. 1.4. As dimensións estrutural, social e cognitiva da linguaxe e as linguas. 1.5. Como estudar a linguaxe.
2. A comunicación.	2.1. Definición, elementos e procesos da comunicación. 2.2. Sistemas de comunicación: linguaxe humana e linguaxes dos animais. 2.3. As orixes da linguaxe e das linguas. 2.4. Modos de comunicarse/canais de comunicación: a oralidade, a escrita, a dactilografía; linguas xestuais e tactis.



3. Linguaxe, mente e cerebro.	3.1. Conceptos básicos. A psicolingüística e a neurolingüística. 3.2. Lateralización e localización da linguaxe. 3.3. Patoloxías lingüísticas. 3.4. Adquisición da linguaxe e aprendizaxe das linguas.
4. Os sons das linguas.	4.1. Son lingüístico, fonema e alófono. A fonética e a fonoloxía. 4.2. Fonación, articulación e acústica dos sons lingüísticos. 4.3. Representación gráfica e clasificación dos sons lingüísticos. 4.4. Métodos de análise e estudo do son lingüístico. 4.5. Trazos suprasegmentais: melodía, ton e entoación. 4.6. Os sistemas fonolóxicos.
5. Da palabra ao discurso.	5.1. A forma das palabras. A morfoloxía. 5.2. A estrutura da oración. A sintaxe.
6. O significado.	6.1. O significado lingüístico. A semántica. 6.2. Significado, intención e contexto; a interpretación. A pragmática.
7. Unidade e diversidade das linguas.	7.1. Lingua e sociedade. A sociolingüística. 7.2. Universais e tipoloxía lingüística.
8. Aplicacións da lingüística.	8.1. Para que serve a lingüística? 8.2. A lingüística noutros campos científicos: o desenvolvemento científico e tecnolóxico. 8.3. Lingüística e desenvolvemento social.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A2 A3 A9 A10 A11 A14 A29 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B9 C2 C3 C4 C6 C7 C8	0	30	30
Obradoiro	A1 A2 A3 A4 A5 A9 A10 A11 A14 A15 A29 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	14	7	21
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 A29 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C1 C2 C4 C8	0	8	8
Seminario	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 A29 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C3 C4 C6 C7 C8	18	9	27
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A10 A11 A14 A15 A29 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C1 C3 C4 C6 C7 C8	28	28	56



Traballos tutelados	A1 A2 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 A29 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	7	7
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	As lecturas proporcionaranlle ao estudantado a maior parte dos contidos do curso, e deberá facer unha ou varias por cada tema. O estudantado deberá plantexar na aula as dúbidas que lle xurdiran: o profesor tentará resolvelas ben directamente, ben utilizándoas como base para actividades de estudo de caso, seminario, discusión dirixida, solución de problemas... que leven á súa aclaración. Ademais, o profesor poderá entregarlle ao alumnado (individual ou colectivamente) lecturas complementarias de extensión variable, así como suxestións para a ampliación voluntaria de contidos.
Obradoiro	Denominamos así a combinación coordinada de varias metodoloxías das aquí recollidas cun obxectivo común a respecto dun tema ou cuestión: minidebates, textos complementarios, actividades prácticas en grupo, análise de xeito contrastivo de propostas de diferentes autores ou momentos históricos, todo isto de forma secuencial e combinada, perseguindo un propósito único de adquisición de determinados contidos e desenvolvemento de certas competencias.
Proba mixta	O alumnado realizará unha proba mixta final de tipo teórico e aplicado nas datas oficiais establecidas (xaneiro e xullo). Durante o curso realizaranse dúas probas mixtas parciais liberatorias de contido para a proba mixta final. Na proba mixta final o alumnado examínase dos contidos non superados ou non examinados.
Seminario	Constituirá un método habitual de traballo, principalmente nas aulas de grupo mediano e reducido: o profesor plantexará algún tema (ben por iniciativa del, ben pola do alumnado) sobre o que se traballará, debatirá e elaborarán conclusións, utilizando materiais aportados polo profesor ou buscados polos/as estudantes e, sobre todo, utilizando a reflexión individualizada e grupal e a posta en común.
Sesión maxistral	Haberá unha sesión maxistral de 90 minutos cada semana. Dependendo do tema e/ou do profesor, consistirán na exposición por parte deste dalgúns contidos seleccionados ben por iniciativa propia ou a proposta do estudantado, xa sexa para aclarar dúbidas sobre contidos recollidos nas lecturas, corrixilos ou tratar outros completamente novos.
Traballos tutelados	O alumnado deberá realizar algunhas actividades prácticas ou de busca de información seguindo instrucións específicas do profesor e, cando este o determine, sendo controlado o seu traballo cando menos en certas etapas (planificación inicial, estratexia de traballo, ...) O obxectivo é que o/a estudante desenvolva dinámicas e prácticas de traballo axeitadas e/ou propias da área de coñecemento.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	A atención personalizada desenvolverase fundamentalmente nas titorías individuais e de grupo reducido, que se realizarán por iniciativa ben do profesor/a, ben do/da estudante.
Obradoiro	
Lecturas	Recoméndase que o/a estudante solicite sen dilación unha titoría co profesor/a cando queira abordar dúbidas ou situacións que non poden tratarse na aula.
Traballos tutelados	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 A29 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C1 C2 C4 C8	Proba escrita que o/a estudante realizará nas datas oficiais marcadas polo centro ao rematar o cuadrimestre.	49
Obradoiro	A1 A2 A3 A4 A5 A9 A10 A11 A14 A15 A29 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Comprende toda a actividade do estudante desenvolvida na aula e fóra dela. Teranse en conta a asistencia, participación e desempeño do estudante ao longo do curso.	10
Traballos tutelados	A1 A2 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 A29 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Cada estudante deberá realizar TRES actividades a longo do curso.	39
Seminario	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 A29 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C3 C4 C6 C7 C8	Porcentaxe non real: lea as observacións	1
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A10 A11 A14 A15 A29 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C1 C3 C4 C6 C7 C8	Porcentaxe non real: lea as observacións	1

Observacións avaliación



1. A CUALIFICACIÓN FINAL DA 1.<sup>a</sup> OPORTUNIDADE (xaneiro 2023) responderá ao seguinte reparto porcentual:

1.1. Un 50% obterase pola PROBA MIXTA ESCRITA. Celebrarase unha proba mixta escrita (exame) no mes de xaneiro, na data oficial de exame da materia. Para aprobar a materia, é imprescindible acadar unha cualificación mínima de 4.00 nesta proba. Durante o curso celebraranse unha ou dúas probas parciais eliminatorias de contido:: a primeira está prevista para a primeira quincena

de novembro. Quen obteña un mínimo de 4.00 puntos

non deberá examinarse deses contidos na proba oficial do mes de xaneiro.

1.2. Un 40% obterase da realización de DÚAS OU TRES ACTIVIDADES (individuais ou grupais) ao longo do curso, que serán entregadas obrigadamente en formato electrónico (en Moodle)

e en formato impreso. As actividades deben entregarse no momento e na forma fixados.

1.3. Un 10% responderá á ASISTENCIA, PARTICIPACIÓN E DESEMPEÑO do estudante ao longo do curso.

1.4. Os/as estudantes repetidores/as que non asistan ás aulas e os/as estudantes que teñen unha dispensa académica oficial, recibirán un 50% da súa cualificación pola realización da PROBA MIXTA ESCRITA, e outro 50% pola realización das dúas ou tres ACTIVIDADES (individuais ou grupais) avaliáveis. Ao iniciarse o curso, todos os alumnos repetidores ou con dispensa académica oficial deben comunicar ao profesorado en que grupo interactivo se encadran. Ademais, os repetidores deben comunicar se asistirán ás aulas xa que, de non facelo, aplicaráselles o mesmo reparto porcentual que aos de primeira matrícula (50%+40%+10%).

1.5. A materia poderá ser adaptada para o estudantado

que precise medidas de apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). O/a estudante que se atope nesta situación debe contactar cos servizos dispoñibles na UDC ou no

centro nos prazos oficiais marcados antes de cada cuadrimestre académico: (i)

na UDC, a Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); (ii) no centro, a Titora ADI da Facultade de Filoloxía (c.e.: [pat.filoloxia@udc.gal](mailto:pat.filoloxia@udc.gal)).

1.6. Superará a materia quen obteña unha cualificación media mínima global de 5.00, logre un mínimo de 4.00 puntos na parte da proba mixta escrita, e entregue polo menos dúas actividades avaliáveis.

2. SEGUNDA OPORTUNIDADE DE XULLO (xullo 2023):

2.1. Consérvanse as cualificacións das probas e actividades superadas na 1.<sup>a</sup> oportunidade.

2.2. Quen deba realizar o exame (proba mixta escrita), farao no día oficial (ver datas definitivas na web da Facultade ou no taboleiro oficial). Examinarase dos contidos parciais non superados anteriormente.

2.3. Realizaranse a/s actividade/s suspensas (poden ser diferentes ás realizadas en xaneiro, inda que co mesmo formato). Estarán dispoñibles en Moodle ao rematar o período de exames do segundo cuadrimestre.

2.4. Aos estudantes que non superen a materia en xaneiro e teñan unha puntuación inferior a 5.00 puntos no apartado de asistencia e participación, cualificaráselles co seguinte reparto porcentual na 2.<sup>a</sup> oportunidade de xullo: (a) proba mixta escrita, 50%; (b) actividades ou tarefas avaliáveis, 50%.

3. OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN ADIANTADA (decembro 2022):3.1. Poden presentarse a esta oportunidade só estudantes cuns poucos créditos pendentes para rematar a titulación. Consúltese a documentación pertinente na web da UDC.

3.2. Realizarase a avaliación exclusivamente mediante unha PROBA MIXTA ESCRITA de carácter teórico-práctico, pola que se outorgará o 100% da cualificación.

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO. Recibirán cualificación de Non Presentado (N.P.) só aquelas persoas que: (a) non se presenten a ningunha das probas mixtas escritas oficiais (ou os seus parciais) e que, ademais, (b) entreguen menos de dúas actividades avaliáveis.

---

NOTA. Uso de ferramentas antiplaxio. O profesor/a poderá utilizar ferramentas de busca e anticopia (entre elas Turnitin) para detectar plaxios nos materiais que desenvolvan os/as estudantes durante o curso. De atopar coincidencias que exceden o razoable, terá consecuencias na súa cualificación, podendo mesmo non recibir puntuación algunha polo traballo afectado e mesmo a cualificación global de suspenso na materia.



## Bibliografía básica

Non se recollen nesta bibliografía as lecturas obrigatorias de curso, que se entregan á parte; no espazo Moodle da materia atopará recursos na internet e outras suxestións que lle permitirán ampliar os seus coñecementos. Manuais e obras introdutorias Bernárdez, Enrique (2000). *¿Qué son las lenguas?* Madrid: Alianza. Bruhn de Garavito, Joyce & John W. Schwieter (ed.) (2021). *Introducing Linguistics. Theoretical and Applied Approaches*. Cambridge / New York: Cambridge University Press. (\*) Escandell Vidal, María Victoria (2014). *La comunicación. Lengua, cognición y sociedad*. Madrid: Akal. Escandell Vidal, M. Victoria (coord.) e outros (2011). *Invitación a la lingüística*. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces & UNED. [Esta obra é case idéntica á que segue] (\*\*) Escandell Vidal, M. Victoria (coord.) e outros (2014). *Claves del lenguaje humano*. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces & UNED. (\*\*\*) Fasold, Ralph W. & Jeff Connor-Linton (eds.) (2014 [2006]). *An Introduction to Language and Linguistics*. Cambridge: Cambridge University Press. (\*\*\*) Fromkin, Victoria (ed.) (2000). *Linguistics: An Introduction to Linguistic Theory*. Oxford: Blackwell. (\*\*) Genetti, Carol (ed.) (20192). *How Languages Work. An Introduction to Language and Linguistics*. Cambridge: Cambridge University Press. (\*\*\*) López García, Ángel, et alii (1994). *Lingüística general y aplicada*. València: Universitat de València. (\*\*) Moreno Cabrera, Juan Carlos (2002). *Curso universitario de lingüística general. Tomo I: Teoría de la gramática y sintaxis general; Tomo II: Semántica, Pragmática, Morfología y Fonología*. Madrid: Síntesis. O'Grady, William, Michael Dobrovolsky & Francis Katamba (1997). *Contemporary Linguistics. An Introduction*. London & New York: Longman. (\*\*) Ramallo, Fernando et alii (eds.) (2000). *Manual de ciencias da linguaxe*. Vigo: Edicións Xerais. (\*) Tusón Valls, Jesús (2007). *Introducción al lenguaje (= Humanidades; 11)*. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya. [Orix. en catalán: 2003.] (\*) Yule, George (20207). *The Study of Language*. Cambridge: Cambridge University Press. [Existe tradución ao castelán da 3.ª edición en inglés de 2006: *El lenguaje*. Madrid: Akal, 2007]. (\*\*\*) Obras de referencia (diccionarios, enciclopedias?) Alcaraz Varó, Enrique & Mª Antonia Martínez Linares (20042). *Diccionario de lingüística moderna (= Ariel Referencia)*. Barcelona: Ariel. (\*\*\*) Brown, Keith (ed.) (2006). *Encyclopedia of Language and Linguistics; 14 vols*. Amsterdam & Boston, MA: Elsevier. (\*) Crystal, David (2000). *Diccionario de lingüística y fonética (= Universidad Textos)*. Barcelona: Octaedro. [Orix. en inglés: *A Dictionary of Linguistics and Phonetics*. Oxford: Blackwell, 19974. Hai unha nova edición revisada en inglés: 20086.] (\*\*\*) Crystal, David (1994). *Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge*. Madrid: Taurus. [Orixinal en inglés: 1987.] (\*\*\*) Crystal, David (20103). *The Cambridge Encyclopedia of Language*. Cambridge: Cambridge University Press. (\*\*\*) Moreno Cabrera, Juan Carlos (1998). *Diccionario de lingüística neológica y multilingüe*. Madrid: Síntesis. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2003). *El universo de las lenguas: clasificación, denominación, situación, tipología, historia y bibliografía de las lenguas (= Nueva Biblioteca de Erudición y Crítica; 23)*. Madrid: Castalia. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2021). *La clasificación de las lenguas (= Claves de la Lingüística)*. Madrid: Editorial Síntesis. Trask, R. L. (1997). *A Student's Dictionary of Language and Linguistics*. London: Arnold. (\*)





<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>Outros manuais e obras introdutorias</p> <p>Alonso-Cortés, Ángel (2002). <i>Lingüística</i>. Madrid: Cátedra.</p> <p>Alvar, Manuel (ed.) (2001). <i>Introducción a la lingüística española</i>. Barcelona: Ariel.</p> <p>Aronoff, M. &amp; J. Rees-Miller (eds.) (20182). <i>The Handbook of Linguistics</i>. Hoboken, NJ: Wiley-Blackwell.</p> <p>Bernárdez, Enrique (2008). <i>El lenguaje como cultura. Una crítica del discurso sobre el lenguaje</i>. Madrid: Alianza Editorial.</p> <p>Bernárdez, Enrique (2016). <i>Viaje lingüístico por el mundo: iniciación a la tipología de las lenguas</i>. Madrid: Alianza Editorial.</p> <p>Cabeza Pereiro, María del Carmen (2020). <i>Fundamentos de las lenguas de signos (= Claves de la Lingüística)</i>. Madrid: Editorial Síntesis.</p> <p>Dorren, Gaston (2017). <i>Lingo. Guía de Europa para el turista lingüístico</i>. Madrid: Turner. [Orix. inglés: 2014].</p> <p>Dorren, Gaston (2019). <i>Babel. La vuelta al mundo en 20 idiomas</i>. Madrid: Turner. [Orix. inglés: 2018].</p> <p>Fischer, Steven Roger (2003). <i>Breve historia del lenguaje (= Humanidades; 4750)</i>. Madrid: Alianza [orix. inglés: 1999].</p> <p>Fromkin, Victoria &amp; Robert Rodman (1993 [1988]). <i>Introdução à Linguagem</i>. Coimbra: Livraria Almadina.</p> <p>Hudson, Grover (2000). <i>Essential Introductory Linguistics</i>. Oxford: Blackwell.</p> <p>Isac, Daniela &amp; Charles Reiss (2008). <i>I-Language: An Introduction to Linguistics as Cognitive Science (= Oxford Core Linguistics)</i>. Oxford: Oxford University Press.</p> <p>López García, Ángel &amp; Beatriz Gallardo Paúls (eds.) (2005). <i>Conocimiento y lenguaje (= Educació. Materials; 80)</i>. València: Universitat de València.</p> <p>Mariño, Xurxo (2018). <i>El misterio de la mente simbólica. Cerebro, lenguaje y evolución</i>. Madrid: EMSE EDAPP / El País.</p> <p>Mariño, Xurxo (2020). <i>Unha mente que voa: unha mirada á evolución da linguaxe</i>. Vigo: Edicións Xerais.</p> <p>Mariño, Xurxo (2020). <i>La conquista del lenguaje: una mirada a la evolución de la mente simbólica</i>. Barcelona: Shackleton Books.</p> <p>Martín Vide, Carlos (ed.) (1996). <i>Elementos de Lingüística</i>. Barcelona: Octaedro.</p> <p>Martínez Celadrán, Eugenio (1995). <i>Bases para el estudio del lenguaje</i>. Barcelona: Octaedro.</p> <p>Martínez Celadrán, Eugenio (1998). <i>Lingüística. Teoría y aplicaciones</i>. Barcelona: Masson.</p> <p>McCabe, Anne (2011). <i>An Introduction to Linguistics and Language Studies</i>. London: Equinox Publishing.</p> <p>Moreno Cabrera, Juan Carlos (2000). <i>La dignidad e igualdad de las lenguas. Crítica de la discriminación lingüística</i>. Madrid: Alianza.</p> <p>Moreno Cabrera, Juan Carlos (2017). <i>Claves históricas de la lingüística actual: 20 siglos de reflexiones sobre el lenguaje a través de 20 referencias fundamentales (= Claves de la Lingüística)</i>. Madrid: Editorial Síntesis.</p> <p>Moreno Cabrera, Juan Carlos (2018). <i>Origen y evolución de la gramática (= Claves de la Lingüística)</i>. Madrid: Editorial Síntesis.</p> <p>Radford, Andrew et alii (2000). <i>Introducción a la lingüística</i>. Madrid: Cambridge University Press, 2000 [orix.: <i>Linguistics: An Introduction</i>. Cambridge: Cambridge University Press, 1999. Hai unha segunda edición en inglés de 2009, traducida ao castelán en 2016.]</p> <p>Sandoval, Jordan B. &amp; Dristin E. Denham (2021). <i>Thinking Like a Linguist. An Introduction to the Science of Language</i>. Cambridge / New York: Cambridge University Press.</p> <p>Simone, Raffaele (1993 [1990]). <i>Fundamentos de lingüística</i>. Barcelona: Ariel.</p> <p>Trask, R. L. &amp; Bill Mayblin (2010). <i>Lingüística: una guía gráfica (= Para todos; 14)</i>. Buenos Aires &amp; Barcelona: Paidós. [Orix. ingl.: <i>Introducing Linguistics</i>. Royston, UK: Icon Books Ltd, 2005.]</p> <p>Outras obras de referencia (diccionarios, enciclopedias?)</p> <p>Asher, R. E. &amp; Christopher Moseley (eds.) (20062). <i>Atlas of the World's Languages</i>. London: Routledge.</p> <p>Breton, Roland (2003). <i>Atlas des langues du monde: Une pluralité fragile (= Collection Mini-Atlas)</i>. Paris: Éditions Autrement.</p> <p>Bright, William (ed.) (1992). <i>International Encyclopedia of Linguistics</i>. Oxford: Oxford University Press.</p> <p>Cardona, Giorgio Raimondo (1991 [1988]). <i>Diccionario de lingüística</i>. Barcelona: Ariel.</p> <p>Comrie, Bernard, Stephen Matthews &amp; Maria Polinsky (eds.) (2010). <i>The Atlas of Languages: The Origin and Development of Languages Throughout the World (= Facts on File Library of Language and Literature Series)</i>. London: Quarto Publishing. [Hai versión en portugués da edición de 1996 en inglés: <i>O Atlas das Línguas: A Origem e a Evolução das Línguas no Mundo</i>. Lisboa: Editorial Estampa, 2001.]</p> <p>Ducrot, O. &amp; T. Todorov (1998). <i>Nuevo diccionario enciclopédico de las ciencias del lenguaje</i>. Pamplona: Arrecife.</p> <p>Garry, Jane &amp; Carl Rubino (eds.) (2001). <i>Facts About the World's Languages: An Encyclopedia of the World's Major Languages, Past and Present</i>. New York &amp; Dublin: New England Publishing.</p> <p>Junyent, Carme &amp; Cristina Muncunill (2010). <i>El libro de las lenguas (= Colección bolsillo)</i>. Barcelona: Octaedro.</p> <p>Lázaro Carreter, Fernando (1953). <i>Diccionario de términos filológicos</i>. Madrid: Gredos.</p> <p>Price, Glanville (ed.) (2001). <i>Enciclopedia de las lenguas de Europa</i>. Madrid: Gredos [orix. inglés: 1998.]</p> <p>Richards, Jack C., John Platt &amp; Heidi Platt (1997). <i>Diccionario de lingüística aplicada y enseñanza de lenguas</i>. Barcelona: Ariel. [Orix. en inglés: 1992.]</p> <p>Störig, Hans Joachim (19902). <i>A aventura das línguas: Uma viagem através da História dos idiomas do mundo</i>. São Paulo: Melhoramentos [orix. alemán: 1987.]</p> <p>Tusón, Jesús (ed.) (2000). <i>Diccionari de lingüística</i>. Barcelona: Biblograf.</p> <p>Xavier, M. F. &amp; M. H. Mateus (eds.) (1992). <i>Dicionário de termos lingüísticos</i>. Lisboa: Cosmos.</p>
------------------------------------	---



Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndaselle ao estudantado que lea atentamente esta guía docente.

Nela atopará resposta a case todas as preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso; pode acudir ao profesorado para aclarar calquera cuestión ao respecto. Particularmente,

debe prestar especial atención ao seguinte: 1. Realice puntualmente as lecturas e actividades encomendadas; estas deben entregarse no momento e na forma fixados. 2. O

plaxio total ou parcial de actividades é inadmisibile. Pode conlevar a perda de máis puntuación có valor da actividade afectada, e mesmo o suspenso na materia. A información debe ser recollida, procesada e ofrecida de forma distinta á da fonte utilizada, sexa esta bibliográfica, audiovisual, persoal, a internet ou calquera outra.

Considérase moi grave a copia total ou parcial de traballos elaborados

por outros alumnos. 3. Nas exposicións escritas deben coidarse a corrección ortográfica, o estilo e a adecuación expositiva. De non ser así, reflectirase

negativamente nas cualificacións.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías